



“I concurso de traxes de época da Festa da Brincadeira”

- Historia da festa

Bouzas é sinónimo de concello, isto refírese a que tivo un desenvolvemento tan grande que no ano 1778 o Rei Carlos III outórgalle o título de Vila.

Estivemos presentes na guerra contra os franceses (1809). A historia comeza coas irmáns Reis, situadas estratexicamente no atrio da igrexa para divisar os barcos invasores e dar a voz de alarma. Elas formaban parte da “milicia honrada” de Bouzas.

Don Caetano Parada Pérez de Limia, alcalde de Bouzas nese momento foi alertado e púxose en contacto co alcalde de Vigo, Don Vázquez Varela para establecer un cerco a cidade.

Así foi, da man do alcalde de Bouzas, “as alarmas” (exercito de voluntarios Boucense dispostos a loitar contra os franceses) presentáronse na porta da Falperra xunto cos veciños de Vigo para expulsar aos franceses. Logrando a vitoria para a cidade e así dar nome a “Festa da Brincadeira”

Unha celebración que percorreu tódalas rúas da vila, da man de gaitas e pandeiretas.

- Obxectivo:

A asociación busca potenciar que os participantes da festa anímense a vestirse da época. A Brincadeira é unha festa que representa a vitoria contra os franceses e posteriormente, na zona de Bouzas a celebración de dita loita.

Por iso mediante “O I concurso de traxes de época da Festa da Brincadeira” queremos que os asistentes involúcrense presentado as súas mellores vestimentas. Nesta época houbo persoas moi importantes onde queremos tamén que a xente anímese a poñerse na pel dos protagonistas.

- Persoas importantes:

Aurora e Xosefa Reis, irmáns encargadas da vixianza da Vila no atrio de Bouzas.

Don Caetano Parada Pérez de Limia, alcalde de Bouzas.

Dona Xoaquina Nogueira, esposa do alcalde de Bouzas.

Don Xabier Vázquez Varela, alcalde de Vigo.


Don Xosé Mouriño, párroco da vila.

Miliciantes da honra, persoas anónimas dispostas a loitar.

- Bases do concurso:

- Tanto mulleres, homes ou nenos que se presenten deberan ir vestidos con roupa de época (adxuntamos varios exemplos de roupa) Poden participar, as persoas que monten un posto na festa, como os locais da zona.

- A vestimenta mínima para poder participar no concurso, no caso das mulleres (saia, camisola e mandil) e no caso dos homes (pantalón, camisa e faixa) A vestimenta pode ser mais ou menos señorial, iso queda a elección de cada un.



- Debera presentarse a folha de inscrición con todos os datos cubertos e enviarla a aahistoriadebouzas@gmail.com

- Os premios serán:

- Posto 1º: 150€
- Posto 2º: 100€
- Posto 3º: 75€

Os gañadores, terán que investir al menos o cincuenta por cento do premio en mellorar as súas vestimenta.

- O xurado estará composto polos membros de Porta Aberta, que serán os encargados de facer dunha forma dinámica.